



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | 2021/22 | |
| Asignatura (*) | Política social e servizos sociais | Código | 615G01308 | |
| Titulación | Grao en Socioloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | |
| Coordinación | Piñeiro Aguiar, Edeler | Correo electrónico | eleder.pineiro.aguiar@udc.es | |
| Profesorado | Fernández Suárez, Mónica Belén | Correo electrónico | belen.fernandez.suarez@udc.es | |
| | Piñeiro Aguiar, Edeler | | eleder.pineiro.aguiar@udc.es | |
| Web | www.sociologia.udc.gal | | | |
| Descrición xeral | Esta materia pretende dotar dos conceptos sociolóxicos que permitan ao alumnado comprender e iniciarse no coñecemento, análise e deseño das políticas públicas e dos servizos sociais, desde un enfoque multidimensional; así como traballar en ambos ámbitos de actuación, desde a súa obxectivación, teorización, metodoloxía, xestión e formulación de propostas, para adquirir e aplicar así competencias profesionais. | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>No caso que mor do COVID19 teñamos que pasar de docencia presencial a docencia non presencial teranse en conta este plano de continxencia:</p> <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Os contidos teóricos da materia pasarán a ser impartidos de forma dixital a través da Plataforma TEAMS. As clases terán unha duración máis reducida por cuestións pedagóxicas, e asignaranse, material complementario para a correcta comprensión da materia.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>? Sesión maxistral ? Discusión dirixida ? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación) ? Atención personalizada</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>? Proba mixta (non se realizará, xa que a avaliacións deste coñecementos se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados? e leituras e reseñas de libros)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: Dúas veces por semana. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: Semanalmente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. ? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Unha sesión semanal en pequeno grupo, para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Traballos tutelados e lectura e reseña de libros (100%): En relación con estas tarefas valorarase:</p> <ol style="list-style-type: none">A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.profundidade do contido.O dominio das técnicas de investigación na elaboración da investigaciónO tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.A presentación e a claridade da exposición. <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, salvo que se elimina a proba obxectiva (exame), e esta porcentaxe da nota da avaliación pasa a sumarse ás porcentaxes dos traballos tutelados e a recensión do libro (que se demandaría a entrega de dúas reseñas e non de unha).</p> |
|-----------------------------|--|

REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.
2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e reseñas de libros (2)).
3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.
4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.
5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se producen modificacións na bibliografía da materia.



| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Conocimiento de los componentes básicos de las desigualdades sociales y las diferencias culturales. |
| A4 | Relaciones entre la población, los recursos y medio ambiente en su movimiento y estructura; y el estudio de las técnicas y métodos del análisis demográfico. |
| A14 | Capacidades en elaborar, utilizar, e interpretar indicadores sociales e instrumentos de medición social. |
| A15 | Conocimientos y habilidades para plantear y desarrollar una investigación aplicada en las diferentes áreas de la sociedad. |
| A17 | Conocimientos y habilidades en la búsqueda de información secundaria en las diferentes fuentes (instituciones oficiales, bibliotecas, internet, etc.). |
| A18 | Capacidades en evaluar los proyectos de políticas públicas y de intervención social, así como sus resultados. |
| A19 | Capacidades para definir, localizar y contactar la población objeto de integración social. |
| A21 | Capacidades para identificar y medir factores de vulnerabilidad social y procesos conflictivos. |
| A24 | Conocimientos y habilidades en transmitir los conceptos, problemáticas y perspectivas sociológicas. |
| A26 | Saber elegir las técnicas de investigación social (cuantitativas y cualitativas) pertinentes en cada momento. |
| A30 | Capacidades en establecer, programar y ejecutar programas y proyectos de intervención social. |
| A31 | Habilidades en implantación y gestión de los servicios sociales. |
| A32 | Capacidades en contribuir al diseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociales. |
| A36 | Actitud de compromiso frente a los problemas sociales y culturales. |
| B1 | Capacidad de organización y planificación. |
| B3 | Capacidad de análisis y síntesis. |
| B4 | Resolución de problemas. |
| B5 | Capacidad de gestión de la información. |
| B11 | Compromiso ético. |
| B12 | Trabajo en equipo. |
| B13 | Razonamiento crítico. |
| B14 | Trabajo en un equipo de carácter interdisciplinar. |
| B27 | Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales. |
| C4 | Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común. |
| C6 | Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse. |
| C8 | Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|-------------------------------|------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Coñecemento dos contidos teóricos e prácticos sociolóxicos sobre políticas sociais e servizos sociais | A1 A4 A24 | B5 B12 B27 |
| Comprensión dos fenómenos sociais asociados ás políticas sociais e aos servizos sociais | A1 A4 A15 A17 A18 A21 A24 A32 A36 | B3 B5 B11 B12 B27 | C4 C6 C8 |



| | | | |
|--|--|---|----------------|
| Aplicar os coñecementos e a súa comprensión ao ámbito das políticas sociais e dos servizos sociais | A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 | B3 B5 B12 B14 B27 | C6 C8 |
| Identificación de necesidades sociais e análise de políticas sociais e de servizos sociais | A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 | | |
| Síntese dos coñecementos e da súa comprensión e aplicación ao estudo e intervención sobre a realidade social relacionada coas políticas sociais e os servizos sociais. | A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36 | B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27 | C4 C6 C8 |
| Avaliación das situacións de necesidade social, así como das políticas sociais e dos servizos sociais | A1 A4 A14 A15 A17 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36 | B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27 | C4 C6 C8 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1. O ESTADO DE BENESTAR. NACEMENTO E TIPOLOXÍA | 1.1. Nacemento do Estado do Benestar e evolución histórica 1.2. Tipoloxía de Estados de Benestar en Europa 1.3. O Estado de Benestar do Sur de Europa: o caso de España. |



| | |
|--|--|
| TEMA 2. O SISTEMA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ESTADO DO BENESTAR | <p>2.1. El welfare mix en el ámbito de los Servicios Sociales: administraciones, actores no gubernamentales y ámbito privado</p> <p>2.2. Las competencias y la normativa en materia de Servicios Sociales en Galicia</p> <p>2.3. Diagnóstico de la política social y de servicios sociales en Galicia.</p> |
| TEMA 3. O SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA: UNHA POLÍTICA MULTINIVEL | <p>3.1. A lexislación en materia de Servizos Sociais en Galicia</p> <p>3.2. As competencias en materia de Servizos Sociais en Galicia. Indicadores dos servizos sociais en Galicia.</p> <p>3.3. Principais políticas de benestar en Galicia: dependencia, menores, igualdade de xénero, etc.</p> |
| TEMA 4. A DESIGUALDADE SOCIAL E AS POLÍTICAS PÚBLICAS SOCIAIS. | <p>4.1. Debates sobre desigualdade social en España/Galicia.</p> <p>4.2. Indicadores de desigualdade social en España/Galicia.</p> <p>4.3. Análise da desigualdade en España/Galicia.</p> |
| TEMA 5. AS POLÍTICAS PÚBLICAS ESPECÍFICAS NOS SERVIZOS SOCIAIS (IGUALDADE DE XÉNERO, INMIGRACIÓN, XUVENTUDE E PARTICIPACIÓN) | <p>5.1. A igualdade de xénero e o enfoque interseccional na aplicación das políticas públicas</p> <p>5.2. As políticas públicas de intervención coa inmigración</p> <p>5.3. A xuventude e as medidas de integración</p> <p>5.4. A participación social como unha política de intervención social</p> |
| TEMA 6. O PAPEL DA SOCIOLOXÍA NA PLANIFICACIÓN NA INTERVENCIÓN SOCIAL | <p>6.1. O papel da socioloxía na intervención social.</p> <p>6.2. A planificación da intervención social.</p> <p>6.3. O deseño de programas de intervención social (casos prácticos).</p> |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A4 A14 A15 A17 A18 A24 A26 B5 B12 B13 C4 C6 C8 | 5 | 10 | 15 |
| Discusión dirixida | A1 A4 A18 A24 A36 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B27 C4 C8 | 3 | 7 | 10 |
| Análise de fontes documentais | A1 A4 A14 A17 A18 A21 A26 B3 B5 B12 B14 C6 | 3 | 12 | 15 |
| Lecturas | A1 A4 A15 A17 | 2 | 26 | 28 |
| Presentación oral | A14 A15 A17 A24 A26 A32 B1 B3 B5 B13 | 1 | 9 | 10 |
| Proba obxectiva | A1 | 10 | 27 | 37 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36 B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27 C4 C6 C8 | 13 | 20 | 33 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



| | |
|---|--|
| Sesión maxistral | Explicación por parte do profesor dos contidos teórico/prácticos xerais, máis suliñables e necesarios para comprender a asignatura e para levar a cabo o traballo de investigación. |
| Discusión dirixida | Trátase de levar a cabo debates nas clases sobre temas da realidade das políticas e dos servizos sociais, requiríndose a participación e o interese do alumnado. Tanto na fase expositiva da asignatura como na parte de traballos tutorizados ou da propia investigación a levar a cabo o debate, tanto particularizado como colectivo, se plantexa como unha ferramenta pedagóxica moi útil. Nesta parte da asignatura tamén se procura fomentar o traballo e espírito de equipo, noutras palabras, desenvolver a chamada intelixencia social; de xeito que o alumnado poda ver por sí mesmo as vantaxes de xuncir esforzos, fronte á empresa individual. Para acadar isto, así como para o conxunto da asignatura, se presenta o contido referido á parte práctica, no que tamén resulta fundamental a discusión dirixida, tanto nas clases como nas titorías. |
| Análise de fontes documentais | Tanto no coñecemento dos contidos da asignatura como para a realización dos traballos e a investigación, resulta necesaria a familiarización, consulta e coñecemento das diferentes fontes de información secundaria, entre as que nesta asignatura destacan indicadores, bases de datos, informes, estatísticas, etc. |
| Lecturas | Lectura, por parte do alumnado, de textos fundamentais ou relacionados coa asignatura, entre os indicados polo profesor e, no seu caso, propostos polo propio alumnado; así como aqueles outros necesarios para levar a cabo os traballos titulados e a investigación final. |
| Presentación oral | Como parte do traballo, aprendizaxe e da avaliación, o alumnado deberá expoñer de forma individual a súa aportación, de maneira que, ademais de constituir unha proba máis de cara á avaliación final, tamén adquira experiencia e habilidades para falar e expor en público. |
| Proba obxectiva | A proba obxectiva consiste na realización dun exame da parte teórica da materia para verificar o coñecemento e as leituras realizadas sobre as diferentes temas da materia |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A asignatura consiste na demostración por parte do alumnado do que sabe facer, polo que o proxecto de investigación e o seu resultado constitúen o eixo central tanto do traballo a desenvolver como da avaliación da asignatura. Trátase da elaboración dun traballo individual ou en equipo, que se concertará co profesor, dentro dunha relación ampla de temas posibles: poderá ser de carácter xeral ou específico sobre algún aspecto concreto da realidade das políticas e servizos sociais. Este traballo deberá ser teórico práctico. É dicir, na parte teórica se explicitarán aqueles contidos vistos en clase e outros recopilados polo alumnado sobre a información existente sobre o tema escollido, para dominalo e que non se den repeticións nin erros. Mentras que a parte práctica ou empírica deberá reflectir a información primaria que aporta o alumno/a sobre o tema (ben perante técnicas de recollida de información, como son as enquisas, entrevistas, grupos de discusión, etc. ou ben perante a observación, experiencias ou outras aportacións). O traballo entregárase en arquivo adxunto perante correo electrónico. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Investigación (Proxecto de investigación) | As titorías deberán solicitarse previamente por e-mail ao profesorado responsable da materia. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Na primeira e segunda oportunidade os criterios de avaliación rexiranse dacordo a realización dunha proba mixta cun peso do 100% sobre a cualificación: consistirá nunha proba na que se incluírán cuestións teóricas e prácticas e na que o/a alumno/a terá que demostrar ter alcanzado as competencias e os resultados de aprendizaxe da materia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| | | | |



| | | | |
|--|---|---|----|
| Proba obxectiva | A1 | O exame implicará a avaliación dos coñecementos teóricos da materia e o seguimento das leituras asignadas. | 50 |
| Presentación oral | A14 A15 A17 A24 A26 A32 B1 B3 B5 B13 | Aínda que se trate de levar a cabo traballos de carácter colectivo ou integrados dentro dun entorno social determinado, tamén é necesario que o alumnado tome conciencia da súa contribución ao mesmo e saiba reivindicalo e expoñelo. De aí que se avalíe a presentación ao resto da clase dos respectivos traballos e/ou aportacións por parte do alumnado, de xeito individual. | 10 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | A1 A4 A14 A15 A17 A18 A19 A21 A24 A26 A30 A31 A32 A36 B1 B3 B4 B5 B11 B12 B13 B14 B27 C4 C6 C8 | <p>O alumnado, de forma individual ou colectiva, realizará o traballo/proxecto de carácter teórico práctico, no que se prestará especial atención ás funcións e efectos das políticas sociais e servizos sociais.</p> <p>Este traballo estará dirixido ou tutelado polo/a profesor/a.</p> <p>O alumnado deberá recoller no mesmo os coñecementos aprendidos, a información secundaria recabada, así como outra de carácter primario que sirva para o propósito da investigación a realizar.</p> <p>Este traballo é a proba ou contido principal da avaliación da asignatura e nel deberase reflectir os coñecementos impartidos nas sesións maxistras, das lecturas así como da investigación propia (información primaria ou parte empírica) levada a cabo sobre o tema acordado co profesor e do que se deben facer entregas periódicas das súas diferentes partes (proxecto, marco teórico, parte empírica, análise e conclusións), tal e como se recolle no apartado dos traballos tutelados.</p> | 40 |

Observacións avaliación



Alumnado presencial.- Avaliación continua.

O alumnado que asista ao menos ao 80% das clases poderá optar a un sistema de avaliación continua, cuxo sistema de avaliación será o seguinte: Probas obxetivas (40%).- Ao longo das clases interactivas realizaranse diversos exames tipo test onde se recollerán os aspectos máis significativos da explicación teórica da materia. Ditos exames constarán de 8-10 preguntas en torno a unha lectura suxerida previamente polo profesorado e se desenvolverán ao longo de diversas clases interactivas. Os materiais estarán subidos na carpeta de Moodle ao inicio do curso, xunto a un calendario. A superación con un mínimo dun 4 de todos os exames tipo test, xunto coa obtención de ao menos un 5 no conxunto das probas obxetivas será necesario para seguir optando á avaliación continua.

Reseñas-debate (30%).- Trátase dun traballo en equipo, o cal estará conformado da seguinte maneira:

- No caso de 2 persoas, deben realizar como mínimo a lectura de 3 libros
- No caso de 3 persoas, deben realizar como mínimo a lectura de 4 libros
- No caso de 4 persoas deben realizar como mínimo a lectura de 5 libros

A lista de leituras estará subida desde a primeira semana de curso na Moodle da materia. Asimismo, previo acordo co profesorado, pódese escoger outra lectura se ten relación coa asignatura. Cada equipo presentará un traballo nas últimas semanas do curso (data a acordar a comenzo do cuatrimestre) e deberá constar de como mínimo as seguintes partes:

- Resumen das obras. Aspectos nos que se está a favor e en contra das mesmas.
- Relación das obras cos contidos da materia
- Reflexión e crítica personal final

Para a presentación destes traballos, os cales se irán realizando nas diversas clases interactivas, elaborárase por parte do conxunto da clase unha rúbrica de avaliación. Dita avaliación conterá aspectos de autoavaliación (por parte do propio grupo) e coavaliación (por parte do resto da clase). A parte ética no contido da materia é un aspecto fundamental a ter en conta pola implicación á hora de elaborar políticas públicas e pola intrínseca relación cos servizos sociais.

Traballo de investigación (30%).- Trátase dun traballo en equipo, conformado de igual maneira que o referido ao apartado anterior. Débese realizar unha aproximación exploratoria a algunha das políticas de atención social traballadas durante o curso (xuventude, migración, drogadicción, maltrato, velez, etc.) O traballo constará duns obxectivos, un breve marco teórico e no aspecto da investigación primaria cando menos 2 entrevistas a persoas afíns a ditas políticas (técnicos/as, usuarios/as, expertos/as, etc.). Do que se trata é de relacionar o marco teórico coas principais citas extraídas das entrevistas. Non é necesario transcribir estas pero sí enviar o audio das mesmas. Tamaño: 6000-10000 palabras, incluíndo como referencias cando menos 16 obras: 10 provintes da parte teórica e/ou dos outros traballos da materia e 6 de búsquedas propias. Valorárase a capacidade de síntese, o traballo en equipo, os criterios éticos no desenrolo da investigación, e a profundización no debate académico á hora de relacionar a teoría coa investigación primaria. Da mesma maneira que no criterio de avaliación anterior, desenrolárase unha rúbrica de avaliación nas clases interactivas co fin de proceder na presentación dos traballos a unha coavaliación por parte do resto da clase.

Avaliación non presencial

O alumnado que opte pola avaliación non presencial, o cal debe comunicarse antes da primeira clase do mes de outubro, será avaliado conforme aos seguintes criterios:

- Reseñas (30%).- De forma individual cada alumno/a debe escoller como mínimo 3 obras do listado que aparece en Moodle e axustarse aos seguintes prazos de entrega:

- 1) Entrega 1.- 15 de outubro
- 2) Entrega 2.- 12 de novembro
- 3) Entrega 3.- 3 de decembro

- Exame (70%).- Realízase unha proba liberatoria na última semana de clases. Dita proba será tipo test, entrando como materiais os mesmos textos que nas probas de avaliación continua realizados ao longo das diversas interactivas. Neste caso, para o alumnado non presencial a nota de corte é un 5, restando as respostas erradas e/ou non contestadas.

Primeira oportunidade

Convocatoria xaneiro/febreiro, data acordada polo centro.

No caso de non superar a avaliación presencial ou non presencial (ou no caso de querer optar a superar a materia na convocatoria oficial), o alumnado realizará un examen que constará de dúas partes.

- a) Tipo test (50%), cuxos materiais e criterios serán os mesmos que nos apartados referidos ao alumnado non presencial.
- b) Pregunta autoformulada.-O/a alumno/a debe levar preparado ao exame unha pregunta do seu interese que tema que ver cos materiais da asignatura e respondela nunha extensión máxima de 2 cuartillas de folio. Debe incluír unha introducción breve acerca do interese pola temática, a súa relación co contido da materia, os materiais utilizados para a resolución da mesma, os argumentos a favor e en contra encontrados en diversos



autores/as e unha reflexión crítica final.

Segunda oportunidade

Convocatoria xuño/xullo, data acordada polo centro

Mesmo criterio que na primeira oportunidade

Alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa académica Deben informar ao profesorado ao comezo do cuadrimestre da súa situación e acordar un calendario de titorías, tarefas e entregas a ser avaliadas.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Alemán Bracho, Carmen y Fernández García, Tomás (comp.) (2006). Política social y estado de bienestar . Valencia : Tirant lo Blanch
- Alemán Bracho, Carmen (coord.): (2010). Fundamentos de servicios sociales. Valencia: Tirant lo Blanch
- Bradshaw, Jonathan (1972). The concept of social need. New York: New Society (University of York)
- Casado, Demetrio (2001). Manual de servicios sociales. Madrid: CCS
- Doyal, Len e Gough, Ian (1994). Teoría de las necesidades humanas. Madrid: Fuhem - Icaria
- Fernández García, Tomás y Antonio Ares Parra (coords.) (2002). Servicios sociales dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza
- Howard, E. (1981). Investigación social y política social. Madrid: Tecnos
- Montagut, Teresa (2000). Política Social. Una introducción. Barcelona: Ariel
- Giner, Salvador (1997). Buen gobierno y política social . Barcelona : Ariel
- Titmuss, Richard (1981). Política Social. Barcelona, Ariel
- Ashford, Douglas E. (1989). La aparición de los estados de bienestar. Madrid: Ministerio de Trabajo y de Seguridad Social
- Alemán Bracho, Carmen (coord.): (2007). Política Social. Madrid: McGraw-Hill
- Esping-Andersen, Gøsta (1993). Los tres mundos del Estado del Bienestar. Valencia: Alfons el Magnanim
- Midgley, James (2014). Desarrollo social: teoría y práctica. Madrid: Fundación General de la Universidad Politécnica
- Midgley, James y Livermore, Michelle M. (2008). The Handbook of Social Policy . Londres: Sage
- Midgley, James (1997). Social Welfare in Global Context. Newbury Park, CA: Sage
- Titmuss, Richard (1973). Choice and ?the Welfare State?. Commitment to Welfare. Londres: Allen & Unwin.
- Esping-Andersen, Gøsta (2010). Los tres grandes retos del Estado de Bienestar. Madrid: Ariel
- Varios Autores (Ferrara, Giddens, etc.) (2008). Un modelo social para Europa. Valencia: Universidad de Valencia
- Olson, Mancur (1992). La lógica de la acción colectiva: bienes públicos y la teoría de grupos. México: Limusa
- Castro García, Carmen (2017). Políticas para la igualdad. Madrid: Catarata
- Pazós Morán, María (2015). Desiguales por ley: las políticas contra la igualdad de género. Madrid: Catarata
- Montagud, Teresa (2014). Política social: una introducción. Barcelona: Ariel
- Castel, Robert (2004). La inseguridad social: ¿qué es estar protegido?. México: Manantial
- Gálvez Muñoz, Lina (2013). Desiguales: mujeres y hombres en la crisis financiera. Barcelona: Icaria
- Navarro, Viçent (2015). Ataque a la democracia y al bienestar: crítica al pensamiento económico dominante. Barcelona: Anagrama
- Adelantado, José (et alia) (2016). Los estados de bienestar en la encrucijada: políticas sociales en perspectiva comparada. Madrid: Tecnos
- Bochel, Hugh y Daly, Guy (ed.) (2014). Social policy. New York: Routledge
- Moreno Fernández, Luis (2012). La Europa asocial: crisis y estado del bienestar. Barcelona: Península



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Kotler, Philip (1982). Marketing for non-profit organizations. New Jersey: Prentice Hall - Edwards, W. y Newman, J. R. (1982). Multiattribute evaluation. Newbury Park, CA: Sage - Marti-Costa, S. y Serrano-García, L. (1983). Needs assessment and community development: An ideological perspective. <i>Prevention in Human Services</i>, 3 - Witkin, B. R. (1977). Need assessment kits, models and tools. <i>Evaluations Technology</i>, 17 - Keeney, R. L. y Raiffa, H. (1976). Decisions with multiples objectives: Preferences and value tradeoff. . New York: John Wiley - Pitz, G. F. y McKillip, J. (1984). Decision analysis for program evaluators. Newbury Park, CA: Sage - Weiss, C. H. y Bucuvalas, M. J. (1980). Social science research and decision making. New York: Columbia University Press - Cook, T. D. y Campbell, D. T. (1979). Quasi-experimentation: Design and analysis of issues for field settings. Chicago: Rand McNally - Wilensky, H.L. y Lebaux, C. N. (1965). Industrial Society and Social Welfare. Nueva York: Russell Sage - Kahneman, D.; Slovic, P., y Tversky, A. (eds.) (1982). Judgment under uncertainty: Heuristics and biase. Cambridge: University Press - Alemán Bracho, Carmen y Trinidad Requena, Antonio (2012). Evaluación de servicios sociales. Navarra: Civitas - Alemán Bracho, Carmen; Alonso Seco, José María y García Serrano, Mercedes (2011). Servicios sociales públicos. Madrid: Tecnos - Alemán Bracho, Carmen y Trinidad Requena, Antonio (2006). Servicios sociales: Planificación y evaluación. Navarra: Thomson-Civitas - Castillo Gallardo, María del (2006). Manual de servicios sociales comunitarios. Madrid: Síntesis - Díaz Martínez, José Antonio y María José Salvador Pedraza (coords.) (2000). Nuevas perspectivas de los servicios sociales. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia - Fernández García, Tomás y Antonio Ares Parra (coords.) (2002). Servicios sociales dirección, gestión y planificación. Madrid: Alianza - Moreno, Luis (1992). Política social y estado del bienestar. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales - Fernández Suárez, Belén (2018). La alteridad domesticada : la política de integración de inmigrantes en España :actores y territorios. Barcelona: Editorial Bellaterra |
|------------------------------------|---|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Socioloxía da familia/615G01305

Socioloxía da saúde e a enfermidade/615G01307

Socioloxía das migracións/615G01410

/

Materias que continúan o temario

Estrutura e cambio social/615G01208

Análise demográfica/615G01301

Estrutura e cambio social de Galicia/615G01412

Observacións



Recomendacións:1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías